

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colegiado:
PLN/2022/7	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	26 de MAIO de 2022
Duración	Desde as 21:00 ata 23:20 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS
Presidida por	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ
Secretario	MINIA ASTRAY BARCA

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SI
78799331C	ALBINO GARCÍA TRILLO	SI
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SI
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SI
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GANDARA	SI
79327861X	JOSE MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SI
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SI
33253117Q	JUANA LAGO PROL	SI
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SI
33290705E	MARÍA JOSÉ SUÁREZ CASTRO	SI
44842747S	RAQUEL GARCÍA BARREIRO	SI
76518187Q	TOMÁS GOSENDE CAMBEIRO	SI



Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1.- Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable

Tipo de votación

Apróbase por unanimidade a acta da sesión ordinaria do Pleno celebrado en sesión ordinaria con data do 31.03.2022. O voceiro do Partido Socialista fai a apreciación de que na súa exposición cando se fala do PXOM e indica que a frase é “digamos que que non vai ser o mesmo comprar 50 fincas que 80” e aparece o termo encontrar, e para que conste en acta.

2. Expediente 515/2018. Contratacións.

Favorable

Tipo de votación

DEBATE

Toma a palabra o Sr. González para expoñer a proposta de acordo relativa ao expediente 515/2018 e introduce brevemente de que trátase dun punto que fai referencia á prórroga do contrato do SAF. Como saben este servizo lévase prestándose dende 2019 e no propio contrato aparece a posibilidade de prórroga por dous anos máis. O que se fixo foi no seu momento foi aprobar a prórroga por resolución de Alcaldía pero efectivamente este contrato pola contía que implica é necesario que a prórroga sexa aprobada en Pleno. O que se trae a este Pleno é a convalidación do Decreto de Alcaldía de 02.02.2022.

Toma a palabra a voceira do PP, a Sra Molinos que indica que o tratamento que se fixo deste asunto é o exemplo perfecto de como unha xestión sinxela debido a pouca dilixencia e a pouca eficacia do seu goberno pódese converter na máis caótica, imprudente e irresponsable das xestións.

Na base e nos pregos de condicións deste contrato establecéronse a posibilidade de realizar dúas prórrogas de un ano cada unha para prestar o servizo e que o nosos maiores tiveran a tranquilidade de que o goberno municipal mira por eles e que se ocupa da súa situación. Tíñano fácil o único qu tiñan que facer era 2



meses antes de que finalizase o contrato ten dado saída a mesma. O que fixeron foi esquecer que había que renovar o citado contrato, non sabemos en que andaban metidos cando tocaba estar atentos á finalización de un dos contratos mais importantes que hai no Concello e aínda estaban en prazo para prorrogalo de maneira regulamentaria. Non sabemos o que facía pero si sabemos o que non facía, que era mirar polos intereses dos veciños de Outes. Parécenos gravísimo esta deixadez e pasividade do Goberno, nalgúns caso deriva na perda de subvencións concedidas e noutras poñen en risco da continuidade do servizo da axuda no fogar do que dependen moitos dos nosos veciños en situación de dependencia e polo tanto, dos máis vulnerables. Para máis, cando se deron conta do seu esquecemento a finais do mes decembro do ano pasado, non foi ata febreiro cando comezaron unha chapuceira xestión. Primeiro dita vostede un Decreto no que avoca para vostede unhas competencias da XGL para prorrogar o contrato e máis tarde o 7 de febreiro emitíuse un informe desfavorable de Secretaría onde se pon de manifesto varias anomalías no procedemento e se declara nulo de pleno dereito. Aínda así deixou pasar preto de 2 meses e a celebración intermedia de 2 plenos para intentar darlle unha solución ao asunto e incorporou á orde do día do pleno ordinario unha proposta para que o Pleno ratificase o seu Decreto pero esqueceron incluír o asunto na correspondente Comisión polo que non foi nin informado nin ditaminado, polo que a oposición accedeu á documentación máis tarde do debido. Todo isto para que a mesma tarde do Pleno se nos convocase aos voceiros 5 minutos antes para dicirnos que se retiraba da orde do día, naquel momento pregunteille e contestoume porque non incluíran un informe na documentación do expediente. Claro que non a incluíron, porque ese informe non existía xa que ten data de 29 de abril.

Preguntámonos se polo que retirou ese asunto da orde do día foi que no foi quen de ver o informe de Secretaría ata o mesmo día do Pleno. Agora trae de novo ao asunto esta vez acompañado dun informe do seu asesor legal que conclúe que a única vía para garantía o SAF é a que se propón, canto tempo pasou? 5 meses de incerteza e a día de hoxe non saben se van a conseguir aprobar a súa proposta. Se lles levou este tempo con tódolos medios que teñen comprenderá que tiñamos dúbidas do que se pretende aprobar. A responsabilidade é súa e do seu goberno, ao meu entender a prórroga hai que resolvela 2 meses antes é dicir o 19 de outubro, non se vai a esquecer outra vez.

Toma a palabra a voceira do BNG a Sra. Suárez que indica que este punto que trata sobre o benestar dos dependentes e das familias dos dependentes do noso Concello, isto é conciliación e dependencia. Vostede esquécese de prorrogar o servizo máis que necesario para a veciñanza, tan necesario que en 2019 houbo



que aumentar o número de horas. Debe ter en conta a importancia deste contrato. Este trámite si que merecía un Pleno extraordinario e non a cuestión de confianza que presentou por ser incapaz de presentar un orzamento, pero non o debeu considerar o suficientemente importante como para convocalo. A partir de aí comezou a tapar a súa negligencia, cun informe de Secretaría no que deixa moi claro que a renovación que fai e intenta tapar ese informe de Secretaría cun informe so seu asesor legal persoal. Todo esta tramitación do contrato de servizos máis importante do Concello de Outes acaba sendo unha negligencia dende o principio ata o final na súa tramitación. Tómese en serio a seguridade, a saúde e o benestar dos nosos veciños e veciñas, das nosas familias e de todos aqueles que precisan unha axuda e un descanso á hora de atender aos nosos dependentes e maiores. Sexan conscientes do Concello ao que gobernan e a media de idade que existe no noso Concello, e presten atención ao que é importante.

Toma a palabra o voceiro do Partido Socialista o Sr. Caamaño que indica que estalle a pedir que vote a favor sobre algo que a Secretaría do noso Concello considera ilegal, así de sinxelo. O Partido Socialista non lle cabe dúbida de que o servizo é primordial para moita xente do noso Concello. Deixar de prestar este servizo acarrexaría unhas consecuencias desastrosas para os usuarios e usuarias que están a levar unha vida un pouco máis decente gracias a este servizo. Vou ser moi claro neste asunto, cagouna vostede ben cagada. Agora do que se trata é de ver como podemos arranxar o problema no que vostede nos meteu. Os nosos veciños e veciñas deben de coñecer a forma de actuar totalmente á marxe da totalidade do grupo de goberno e é este xeito de actuar o que nos impide votar a favor da ratificación do Decreto que hoxe se somete a consideración polas seguintes razóns.

Pídenos que ratifiquemos un Decreto asinado por vostede para prorrogar un contrato que xa estaba rematado, en principio para min resulta algo máis complexo á vista do informe da Secretaría do Concello. Primeiro a prórroga deste contrato corresponde ao órgano de contratación, isto é, ao Pleno da Corporación nunca unilateral e discrecional vontade do Alcalde a golpe de Decreto, polo que o informe da Secretaría di textualmente “A prórroga estase a levar a cabo polo órgano incompetente”. Segundo, a prórroga realízase unha vez cumprido o contrato polo que sería preciso un novo proceso de licitación engadindo que aos contratos vencidos, como é o caso, no poden ser obxecto de prórroga. Terceiro, a presente prórroga non segue o procedemento establecido pola lexislación vixente en materia de contratación. Cuarto, non existe informe do responsable do contrato para a tramitación da prórroga e as necesidades da mesma, ou sexa que



por facer non fixo vostede ningún informe que é indispensable para este trámite. Quinto, resumindo, ao meu entender e así o pon de manifesto este informe de Secretaría, o que vostede nos ven a pedir hoxe aquí é que lle dea o meu voto a favor para algo que vostede fixo de forma ilegal e quere que saia adiante co apoio dos Socialistas. Créame que a postura dos Socialistas neste punto o que vai a apoiar é o servizo que se está dando porque considerámolo imprescindible, por eso non imos votar en contra. Non estamos dispostos a amolarnos á súa ineptitude e a esta situación de bochorno e ilegalidade. Para rematar, leo textualmente os dous últimos parágrafos do informe de Secretaría do Concello “A presente prórroga outorgada por Decreto 2022-0033 con data 02.02.2022 é nula de pleno dereito (...). Nas prórrogas dos contratos administrativos é preciso que por Intervención se realice a retención de crédito correspondente, así como Informe de fiscalización previa, valorando as repercusións e o cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. Este punto non é posible levalo acabo polos servizos de Intervención, xa que, non se segue ningún tipo de procedemento na tramitación da prórroga”.

Toma a palabra o Sr. González que indica que en primeiro lugar indican da importancia do SAF e que o servizo non sufriu ningún tipo de merma e seguiu prestando con toda normalidade durante este período. Aquí estamos a falar dunha cuestión estritamente administrativa.

Evidentemente como xa comentaron o procedemento que se seguiu non é establecido pola norma, o máis estrito, é certo e nós sabémolo e imos asumir as responsabilidades políticas. Dito isto, se consideran que o Alcalde de Pontevedra ou Santiago son coñecedores de cando vencen os contratos administrativos que teñen os seu Concello, entón descoñecen o xeito de actuar da administración local. Asuminos a responsabilidade pero tamén direi que no momento de que somos coñecedores de que se da esta problemática e hai un problema de prazos nós actuamos de xeito inmediata e actuamos deste xeito asesorados. Cando se nos traslada esta problemática actuamos para non poñer en perigo o servizo do axuda no fogar.

Vostedes fan referencia ao informe de Secretaría, nós estamos contentos co traballo da secretaria, pero non estamos de acordo co contido deste informe. Discrepamos e respectamos o seu criterio pero consideramos que o contido, como tamén aparece no informe do asesor xurídico, non é de todo correcto. Cremos que a convalidación polo Pleno é perfectamente legal e ademais e vantaxoso para o Concello, cremos que os problemas que se deron son subsanables e agardamos que se convalide o Decreto.



Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que non sabe como o Sr. Alcalde é capaz de dicir que vostedes fixeron o que tiñan que facer. Que pretende con esas manifestacións? Non se da conta que aínda despois de armar o lío foron quen de resolver con transparencia e rapidez? A realidade é que o único culpable desta situación é o seu goberno. Actuaron inmediatamente, dependendo o que entenda vostede por inmediatamente, cendo que o contrato rematou o 19 de decembro do ano pasado e que non sei cando se deron conta, paréceme que ditar un Decreto o 2 de febreiro non se pode dicir que sexa actuar con rapidez e levalo ao Pleno do 31 de marzo para convalidalo tampouco é rapidez habendo dous plenos intermedios. Retíralo do Pleno de marzo e traelo meses despois tampouco é rapidez, debemos ter un concepto distinto de o que é rapidez e o é inmediato.

Dixo que neste caso non imos agochar a nosa responsabilidade, espero que noutros tampouco o fixeran. Esperamos que non agochen responsabilidades deste índole. Pode pasarlle a calquera o que é certo é que lle pasou a vostede. O que ten que facer vostede é pedir perdón as persoas dependentes do Concello, porque se ben é certo é que o que puxo en risco o servizo foi vostede. Debería recoñecer os seus erros e non intentar cargarlos a ninguén. Debería pedirlle desculpas aos dependeres e as familias dos dependentes, todos sabemos que este servizo non é só para os usuarios senón tamén para as familias.

Toma a para a Sra. Suárez que indica que di vostede que asume a responsabilidade política na tramitación ilegal da prórroga do SAF, que sinte que as cousas non vaian como teñen que ir, non é cuestión de iso senón de responsabilidade. Esa responsabilidade que vostede demostra que non ten cao veciñanza. Fala de que intentou subsanar o dano unha vez que se decatou e insistimos nas datas xa citadas e chéganos aquí esta vez o 26.05 con todos os informes e que pretende que aprobemos. Vostede di que fixo todo isto para non poñer en risco o SAF, non foi por iso, e que o SAF esta en risco e sábelo, iso si que é outra dilixencia. A atención dos nosos dependentes e as súas familias está en risco porque a día de hoxe a empresa está a traballar de xeito ilegal, entendemos que polo bo facer e o interese. Responsabilidade que pretende delegar a este Pleno intentando que aprobe a tramitación ilegal. Se vostede tivo sorte foi coa oposición e nós demostramos que non poñemos paos nas rodas. Dende o BNG non imos poñer en risco o servizo, pero temos claro que non imos aprobar a tramitación ilegal dun contrato que a día de hoxe en que condicións nin en que termos nos que o fixo vostede, sne informes de Secretaría e Intervención. Non nos queda outra que abstermos, por responsabilidade e dar continuidade ao servizo e darlle a oportunidade de que comece unha licitación.



Toma a palabra o Sr. Caamaño que indica que di o Sr. Alcalde que o servizo segue funcionando sen ningún problema, gracias a Deus porque non me quería ver no seu lugar. Seguir funcionando de xeito ilegal sen contrato e sen prórroga. Di que asume a súa responsabilidade política, e a civil? Se hai algún litixio pola continuación do contrato, vai a asumir vostede algo?

Actuamos de xeito inmediato, o máis lóxico e intelixente para a súa persoa era aínda sendo ilegal convocar un pleno extraordinario urxente o mesmo 19, e non desde decembro a febreiro que vostede se saca da manga, non recoñecido pola Secretaría e si polo seu avogado que pagos todos, traslada o problema aos servizos administrativos e aos funcionarios, xa que, vostede di que non ten porque saber a fin do contrato. Vendo como actúa vostede alégrome de non ser o Alcalde de Outes porque se o fago como vostede non sei seme tería que tirar ao río.

Toma a palabra o Sr. Alcalde que indica que reitera o xa dito, que o servizo seguiu funcionando con normalidade e aproveitaremos se se convalida esta prórroga e a seguinte. Expliquei como foi o procedemento e cando fomos coñecedores da problemática actuamos como tivemos que actuar, é meramente administrativa. Repiten ilegal, ilegal, ilegal, ilegalidade ditamina un xuíz. Estamos a facer algo normal a convalidación dun Decreto.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 5 abstencións

BNG: 2 abstencións

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 abstención

ACORDO

PRIMEIRO.- Convalidar na súa integridade o Decreto desta Alcaldía número 2022-0033, do dous de febreiro, referido a prórroga da prestación do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Outes.

SEGUNDO.- Dar conta deste acordo aos servizos de Intervención e Tesourería para o seu debido coñecemento e os efectos oportunos.



3. Expediente 380/2022. Modificación de Créditos.

Favorable

Tipo de votación

DEBATE

Toma a palabra o Sr. González para expoñer a proposta de acordo relativa ao expediente 380/2022 e introduce brevemente a modificación de crédito, que trátase da súa aprobación para acometer unhas obras no CEIP de Outes. Son coñecedores do contexto desta proposta, trasladándonos que se está realizando un proxecto para a dotaxe dunha biblioteca e que a subvención non lle alcanza para o acondicionamento do recinto desta biblioteca. Urxe a reparación das xanelas e se podemos contribuír para acometer esta obra, trasladámoslle que a Xunta de Galicia e poñémonos en contacto con eles e dende marzo non hai resposta da Consellería de Educación. Dada a urxencia da obra, debe estar funcionando ao inicio do curso e non podemos agardar. De xeito ordinaria propoñemos a dotación deste crédito para levar a cabo o cambio das xanelas e gardamos que a Consellería a financie da mesma.

Toma a palabra a voceira do PP a Sra. Molinos que indica que dende o seu grupo pensamos que todo o que teña que ver coa calidade formativa é unha prioridade e que debemos contribuír a que se lles preste nas mellores condicións. As inversións para que os nosos cativos teñan unha unhas boas instalacións tamén forma parte desas condicións. O plan indica destinar arredor de 48.000€ da tesourería do Concello para as novas xanelas, na Comisión informativa o Alcalde díxonos que tivera conversas con diferentes administracións para a procura de financiación para levala a cabo pero nin non dixo cando nin en que termos. Esperamos que siga na procura deste financiamento.

Toma a palabra o Sr. Núñez do BNG que indica que entenden que debería ser unha obriga da Consellería de Educación no asumo deste gasto e máis cando non fai cousa de tres anos ese mesmo colexio tivo unha actuación pola Consellería en aforro enerxético e deixouse este edificio sen acometer, xa se estaban a usar esas aulas. Efectivamente puxémonos en contacto coa Directiva e AMPA do CEIP do proxecto e inversión e sorprendeunos un proxecto ambicioso e novedoso recoñecido con varios premios.

Aínda entendendo que ese espazo que vai ser adicado a un proxecto tan novedoso non se lle fai dito investimento e se cumpre coas obrigas da Consellería, entendemos que dende o Concello é obriga nosa o recoñecer o que non fai a Consellería, que é o traballo. Non nos cabe a menor dúbida que todos



aqueles investimentos que sexan para mellorar a formación e o benestar dos nosos rapaces e rapazas non son cartos mal gastados. Aínda así agardamos que siga coas tramitacións necesarias para que o final este gasto non acabe recaendo no Concello de Outes, gasto que non estamos obrigados pero que nos sentimos na obriga.

Toma a palabra o voceiro do Partido Socialista o Sr. Caamaño que indica que o Partido Socialista de Outes fai un ano presentou unha moción para o arranxo de varias zonas que se estaban a reclamar dende o CEIP de Outes, daquela Sr. González a súa postura quedou ben clara e repite no Pleno de hoxe. As súas verbas dicía que o Concello ten as competencias que ten, as cuestións estruturais son competencias da Xunta de Galicia. Estamos de acordo pero sempre puxemos por diante dos cartos o benestar das nenas e nenos que alí cursan estudos, por iso trouxemos a moción. Hoxe estamos orgullosos de como quedaron as aulas do CEIP, pero tamén estamos contrariados porque seguimos vendo que o seu grupo de goberno non son capaces de involucrar as instancias pertinentes nestes casos e continúan sen conseguir nada que non fagamos cos remanentes do Concello.

Volvendo a obra deste expediente e agradecendo a labor que están facendo dende o equipo de traballo do CEIP que tiveron acceso para esta subvención para o cal xa levan investido 55.000€ e para que o equipamento así como o benestar dos usuarios e tendo en conta que por parte do Concello tamén ten lugar o programa de madrugadores e tardes divertidas, volvemos a poñer a nosa voz e voto a favor do expediente.

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que dende logo que aínda que sexan as competencias estamos de acordo que se utilicen estes cartos do remanente para acometer esta obra. Gustaríanos facer unha pregunta ao Sr. Alcalde, porque acabo de oír por parte de tódolos grupos de que a competencia do Concello e o mantemento e a conservación pero gustaría que me aclarase que hasta eu podo entender o edificio é un edificio que construíu o Concello de Outes e que a pesar de estar no recinto do colexio non está adscrito as competencias da Consellería de Educación. Quizais foi dun dos motivos polos que cando se inverteron 600.000€ polo que non se incluíu esa parte do colexio por parte da Xunta de Galicia. Se o Sr. Alcalde tivera a ben explicarnos a situación do edificio tendo en conta que o noso partido está a favor do investimento que se propón.

Toma a palabra a Sra. Suárez indicando que con respecto ao que acaba de manifestar a Sra. Molinos a nós tamén chamounos a atención de que non aparecía rexistrado na Consellería dito inmovible. O que si temos claro é que ese



edificio naceu como necesidade dunha ampliación nas aulas e fai cousa de 20-30 anos. Se entón non o asumiu peor o poñen, o que quere dicir que o Concello de Outes leva moito máis investido no CEIP do que debería.

Toma a palabra o Sr. Caamaño que reitera a intención e preocupación do Partido Socialista que é o benestar dos rapaces e rapazas.

Toma a palabra o Sr. González que indica que sobre o que a Sra. Molinos apunta e as súa pregunta debería facer certas comprobacións pero partimos da base de que forma parte do recinto do CEIP. Porque había docencia alí, vaise facer unha biblioteca, sempre que queremos usar o recinto para as actividades temos que pedir permiso ao Colexio e a Consellería e nós partimos desas premisas e que pola que non se incluíu na reparación foi outras.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 5 votos a favor

BNG: 2 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 a favor

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de modificación de crédito nº 2/2022, na modalidade de crédito extraordinario, de acordo ao seguinte detalle

Altas en Aplicacións de Gastos

Altas en Aplicacións de Gastos			
Aplicación		Descrición	CE 2/2022
Programa	Económica		
321	63200	Creación de Centros docentes de ensinanza infantil e primaria. Edificios e outras construcións. CAMBIO XANELAS EDIFICIO CEIP BILINGÜE OUTES	48.392,39€
TOTAL			48.392,39€

Altas en Conceptos de Ingresos

Altas en Conceptos de Ingresos

Aplicación			Descrición	Euros
Cap.	Art.	Conc.		
8	87	87000	Remanente líquido de tesouraría para gastos xerais	48.392,39€
TOTAL INGRESOS				48.392,39€

SEGUNDO. Expor o acordo ao público mediante anuncio inserido no *Boletín Oficial da Provincia*, durante o prazo de quince días hábiles, aos efectos de porán examinalo e presentar as reclamacións que estimen ante o Pleno da Corporación. Caso de non presentarse reclamacións durante o citado considerárase definitivamente aprobado. En caso contrario, o Pleno da Corporación disporá dun prazo dun mes para resolvelas.



SEGUNDO. Expor o acordo ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, durante o prazo de quince días hábiles, aos efectos de que os interesados porán examinalo e presentar as reclamacións que estimen ante o Pleno da Corporación. Caso de non presentarse reclamacións durante o citado prazo, o expediente considerárase definitivamente aprobado. En caso contrario, o Pleno da Corporación disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

4. Expediente 382/2022. Modificación de Créditos.

Favorable

Tipo de votación

DEBATE

Toma a palabra o Sr. González para expoñer a proposta de acordo relativa ao expediente 382/2022 e introduce brevemente a modificación de crédito na modalidade de suplemento de crédito. Trátase de que o Concello de Outes presentouse á convocatoria da subvención de adecuar as antigas escolas unitarias para vivendas de alugamento social. Fomos beneficiarios dunha axuda que como máximo podía acadar 40.000€. O proxecto que presentamos o custe era de 88.000€, temos esta subvención cunha finalidade importante, pedimos que se faga unha modificación para poder acometer esta obra que é maior que a concesión.

Toma a palabra a voceira do PP, a Sra. Molinos que indica que pensan que estas convocatorias da Xunta de Galicia para axudar as familias máis desfavorecidas debe ser aproveitadas. Neste caso temos certas dúbidas, xa que, a relación entre a concesión de 40.00€ e o custo total da actuación que son máis de 80.000€ tendo que poñer o Concello máis de 40.000€ é algo desproporcionado. Sabendo que o máximo que se concede son 40.000€ deberían ter feito un proxecto máis adaptado á mesma. Parécenos que a reforma dunha vivenda por 80.000€ é un pouco caro coa situación das vivendas que se están a vender no Concello. Outro problema que vemos é un proxecto moi pouco definido. Por outra banda, na Memoria de Alcaldía manifesta vostede que a obra debería de estar finalizado o 24 de outubro. Gustaríanos saber que en caso de que a proposta fose aprobada hoxe, como, cando e en que condicións terían poñer a disposición das persoas



interesadas o alugamento desa vivenda rehabilitada.

Toma a palabra a voceira do BNG a Sr. Núñez que indica que dende o BNG ante a proposta de que se leve adiante a primeira vivenda pública non podemos facer máis que alegrarnos, sendo unha proposta que fixemos en 2019, é cero que lle comentamos na Comisión de que era un prezo elevado. Estaría ben se barallaron outras que supoñan un aforro de custos e foi algo que vostede non nos concretou o porque elixiu esta vivenda. Dito isto, alegrámosnos de que intenten conseguir sacar adiante sacar unha subvención para a mellora dun servizo do Concello e veremos en que condición queda, xa que, vostedes sempre van un pouco xustos nos tempos. A creación de vivenda pública no Concello de Outes é de importancia vital e deberíamos adicarlle moito máis tempo, cousa que vostede non fixo nestes 3 anos. Precisamos moito máis, isto é insuficiente para dotar a necesidade que temos. Necesitamos alternativas e dar oportunidades para poder vivir en Outes. Fixemos propostas para reformas de diferentes vivendas para o seu alugueiro, queremos que haxa unha bolsa de vivenda, pedímolos en 2019 e volvemos a pedilo. É algo necesario.

Toma a palabra o voceiro do Partido Socialista o Sr. Caamaño que indica que estamos de acordo de que o Concello debe dar acceso a alugueiros sociais e que o goberno xa debería ter levado a cabo por unha moción aprobada en Pleno. Pero como aquí as cousas fanse cando a vostedes lle interesan vou a expoñer a nosa postura. O Concello debería apoiar a persoas desfavorecidas como axudas ao alugueiro sen embargo este caso é o gasto que supón esta proposta. Para amañar esta ten un custo de 88.000€, para unha soa vivenda ou minipiso de dúas habitacións. Creo que na Serra de Outes con eses cartos poderíase facer moito máis, como xa lle expuxen na Comisión, o que nós temos que volver a dispoñer dos remanentes que serían 48.000€, en vez de amañar hoxe esa instalación pensa en alugar 5 pisos de dúas habitacións cada unha durante 3 anos e aínda nos sobran cartos e esa instalación póñala nas obras do POS da Deputación e terase amañada antes deses tres anos. Teríamos a 5 posibles familias cos alugueiros sociais durante eses 3 anos. Os socialistas so falamos de sentido común e de prestacións por parte do Concello. Deixoulle a pregunta: amañamos unha soa vivenda este ano ou damos alugueiro a 5 familias durante 3 anos e no mesmo tempo amañamos a escola?

O informe de Tesourería deducido do exercicio 2020 era de 4.520.000€ de remanente o informe a 13 de maio de 2022, un ano e 3 meses despois, e 2.170.000€. empeñase vostede en tirar dos remanentes para amañar cousas que poden saír de balde, estamos de acordo polo medio social pero non na maneira de levalo adiante.



Toma a palabra o Sr. González que indica que fará un par de puntualizacións. O proxecto dado o estado ruinoso é axustado, contemplamos outras posibilidades pero hai unha cuestión importante que é que seguimos unha finalidade primeira que é unha vivenda social e por outra coidamos o noso patrimonio, para o que vostede apunta. O que estamos facendo é ter unha vivenda a nosa disposición e mantemos o que temos.

O feito de que financie outra administración ou non non é de balde, se o metemos no POS estaríamos deixando fora outras obras ou servizos. Temos que reparar nesa dobre finalidade.

Toma a palabra a Sra. Molinos para recordar a pregunta sobre a fórmula para poñer a disposición ao que o Sr. Alcalde indica que vamos xustos pero que a resolución foi tardía. Os tempos son taxados e se hai que pedir unha ampliación de prazo o pediremos. Reitera a Sra. Molinos que como vai a ser a fórmula ao que se lle responde que resolverá de xeito específico ao da vivenda e tamén o posto a disposición.

Toma a para o Sr. Núñez que indica que non queren baixo ningún concepto que o Sr. Alcalde siga impulsando a perda de subvencións e cremos que todo o que aporten outras administración para mellorar é benvido e esperemos que esta vez non se perdan. Insisto en que non é suficiente e dende o BNG vai ter todo o apoio para accións deste tipo. O acceso á vivenda en Outes é un problema moi importante polo problema demográfico que temos. Non é normal que familias e veciños e de xente xove tarde máis de 7 meses en atopar unha vivenda, tendo que ir a vivir a outros concellos limítrofes. Conte con nós nestas iniciativas sempre e cando priorice o carácter económicos, cremos que era preciso facer un estudo máis exhaustivo.

Toma a palabra o Sr. Caamaño referíndose ao BNG indicando que non se preocupen que o acceso á vivenda vai quedar solventado con este amaño. Fala vostede Sr. Alcalde de coidar e manter o patrimonio, pasouselle, porque ía a recordarlle o da casa do poeta Añón. Coidar e manter o noso patrimonio non depende só dos remanentes do Concello, tamén depende das axudas das Deputación, da Xunta de Galicia e neste caso paréceme que gastar 90.000 € en adecentar esta vivenda paréceme excesivo.

Toma a palabra do Sr. Alcalde citando que fixo referencia ao noso patrimonio , aos bens que ten o Concello en titularidade. Sacaremos a licitación e pode haber empresas que liciten por debaixo dos 88.000 €, xa veremos ou non se estamos no



prezo de mercado.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 5 abstencións

BNG: 2 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto en contra.

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de modificación de crédito nº 1/2022, na modalidade de suplemento de crédito, de acordo ao seguinte detalle:

Altas en Aplicacións de Gastos

Extracto do acordo

Aplicación Presupuestaria		Descrición	SC 1/2022
Programa	Económica		
1522	63200	Creación de Centros docentes de ensinanza infantil e primaria. Edificios e outras construcións. REHABILITACIÓN VIVENDA DE ALUGUEIRO SOCIAL NA ESCOLA UNITARIA DO BOSQUE-POLICÍA LOCAL	48.040,73€
TOTAL			48.040,73€

Altas en Conceptos de Ingresos

Aplicación: económica				Descrición	Euros
Cap.	Art.	Conc.			
8	87	87000	Remanente líquido de tesourería para gastos xerais		48.040,73€
TOTAL INGRESOS					48.040,73€

SEGUNDO. Expor o acordo ao público mediante anuncio inserido no *Boletín Oficial da Provincia*, durante o prazo de quince días hábiles, aos efectos de que os interesados porán examinalo e presentar as reclamacións que estimen ante o Pleno da Corporación. Caso de non presentarse reclamacións durante o citado prazo, o expediente considerarase definitivamente aprobado. En caso contrario, o Pleno da Corporación disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

SEGUNDO. Expor o acordo ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, durante o prazo de quince días hábiles, aos efectos de que os interesados porán examinalo e presentar as reclamacións que estimen ante o Pleno da Corporación. Caso de non presentarse reclamacións durante o citado prazo, o expediente considerarase definitivamente aprobado. En caso contrario, o Pleno da Corporación disporá dun prazo dun mes para resolvelas.



B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dar conta do Expediente Peche e Liquidación do Orzamento do ano 2021, do Expediente 785/2021. Información Económico-Financeira dando conta dos informes definitivos de control financeiro realizados en execución do Plan Anual de Control Financeiro (PACF) de 2021 e do Expediente 312/2022. Información Económico-Financeira dando conta dos seguintes informes: informe de intervención das resolucións adoptadas polo presidente no ano 2021 contrarias aos reparos formulados, así como das principais anomalías detectadas en materia de ingresos (informe de control financeiro 2022-0064, de 21 de abril) e o informe resumo dos resultados do control interno do ano 2021 (informe de control financeiro 2022-0067, de 26 de abril).

Intervén a Sra. Barcia, interventora da Corporación, para sinalar de xeito breve a que se refire cada un dos informes arriba sinalados.

C) ROGOS E PREGUNTAS

PREGUNTAS PENDENTES PLENO ANTERIOR:

- **Do PP:**

PREGUNTA 1. Sabemos a través de Decretos de Alcaldía que no ano 2021 o Concello adheriuse ao convenio entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do programa de vixilancia e control fronte á vespa velutina e que se pretende corroborar esta adhesión este ano. Sen embargo non vimos ese convenio colgado na pestana de transparencia do Concello nin o programa de xestión. Polo que lle preguntamos ao goberno municipal:

1. Cales son as condicións e compromisos que adquiriu este Concello con esa adhesión?
2. Cales son os pasos que debe seguir calquera veciño de Outes que detecte a presenza de un niño de velutinas para que este sexa retirado? Facemos esta pregunta porque moitos veciños de Outes non saben que facer cando sucede isto.

Responde o Sr. González que están adheridos ao citado Convenio e que por esquecemento non se colgou na páxina de transparencia. As obrigas que asume o Concello é coordinarse coa Xunta de Galicia na retirada de niños, e expón de xeito detallada as funcións de cada unha das administracións públicas neste ámbito. O que ten que facer a cidadanía é chamar ao 012 e identificar onde se atopa o niño.



Indica a Sra. Molinos que entón é o mesmo método que o utilizado ata agora e se son medios materiais o que aporta o Concello ao que o Sr. González que poñen a disposición da Xunta de Galicia os medios pero que é esta a que realiza as actuacións para a retirada dos niños.

PREGUNTA 2. No pasado pleno ordinario do mes de marzo incluíron na orde do día, por certo sen telo levado á correspondente comisión informativa anterior, un punto no que pretendían que o Pleno ratificase un Decreto de Alcaldía no que vostede avocaba na súa persoa as competencias da Xunta de Goberno Local decretaba unha prórroga por un ano do contrato do servizo de asistencia no fogar. Na documentación asociada a este expediente inclúese un informe de Secretaría no que tal Decreto se declara nulo de pleno dereito, xa que, primeiro pasara o prazo de prórroga e segundo porque a Xunta de Goberno Local non é competente para esa cuestión senón que é o Pleno. Como finalmente a última hora vostedes retiraron a última hora da orde do día este asunto porque faltaba documentación para meter no expediente e nós cremos que se trata dun asunto de vital importancia. O que queremos saber é:

1. En que situación legal atópase neste momento o contrato de prestación de servizo de axuda no fogar.

Responde o Sr. González que a situación é que se atopa plenamente vixente e convalídase hoxe por parte deste Pleno. A Sra. Molinos indica que entón está vixente hoxe e iso ao mellor. Cando lle fixemos a pregunta foi fai un mes, polo tanto, terá que responder como estaba hai un mes o contrato do SAF. Se a empresa estaba contratada ou non estaba contratada, será o que deberá dicir. Resposta o Sr. González que como a Sra. Molinos iniciou a pregunta serve tanto para antes como para agora, daquela estaba pendente a prórroga do contrato e agora está plenamente vixente. A Sra. Molinos indica que entón situación legal pendente de que se convalide.

- **Do BNG:**

PREGUNTA 1. O día 21 de marzo meteu por urxencia na Comisión informativa a renovación do contrato de axuda no fogar e cinco minutos antes do Pleno decaeu porque o expediente estaba incompleto. Segue vostede pensando, xa que non o trouxo a este pleno, deixou de ser urxente para vostede a renovación e prórroga do servizo de axuda no fogar?



Responde o Sr. González que cree que xa está todo explicado, tiñamos pendente esa convalización mentres seguíuse prestando o servizo e agora séguese prestando.

PREGUNTA 2. No referente as sinais dos diferentes lugares. Que criterios seguiron para decidir que sinais se substituían e cales non? Que criterios se seguiron para escoller a tipoloxía de sinal? No contrato coa empresa non constaba a retirada das anteriores que se atopaban en mal estado e que seguen alí ao pé das novas e que dan unha imaxe lamentable?

Responde o Sr. González que o criterio foi un estudo feito pola policía local en 2019 na que se identificaban esas necesidades. É certo que entre 2019 e 2021 algúns letreiros que estaban en bo estado deterioráronse e posiblemente non se detectaron tódalas necesidades. Puxéronse cento e pico pero intentaremos poñer máis e a tipoloxía é uniforme e acorde á normativa.

A Sra. Suárez indica que hai en lugares onde as sinais aparecen máis altas noutras máis baixas, hai sinais que se solapan unhas coas outras, hai sinais das anteriores onde teñen unha nomenclatura e as novas con outra nomenclatura e nas parroquias hai lugares que quedaron sen sinalar, como no Lugar de Lestaio. O Sr. Alcalde reitera o citado con anterioridade con respecto á nomenclatura pode ser que a actual non coincida coas anteriores.

- PREGUNTAS POR ESCRITO PARA O PRESENTE PLENO:

- **PP:**

1ª PREGUNTA. Un dos puntos da orde do día do Pleno de Abril trataba sobre unha subvención concedida pola Consellería do Mar a través do GALP Costa Sostible transformación do lixo mariño na antiga Escola da Moa no Freixo. O Goberno Municipal propoñía adscribir este inmovible ao inventario de bens municipais xa que nas Bases da subvención era requirido ese condicionante. Como dende a concesión da axuda, pasaron por alto esta circunstancia, aínda que se sabía que había que xustificalo xunto coa última certificación, o GALP tivo que facerlle un requirimento con data 14 de febreiro de 2022 para que presentasen a xustificación dese requisito, porén non foi ata o Pleno do 28 de Abril, mais de dous meses despois de recibir o requirimento, cando levaron ese asunto ao Pleno. Nese momento o noso grupo manifestoulle a nosa preocupación porque no dito requirimento dábase un prazo improrrogable de 10 días para que lle achegaran a documentación pedida coa indicación que de non facerse teríase desistido da súa petición, e xa pasaran 74 días dende esa data e vostedes aínda non tiñan nada que enviar. Por todo eso



preguntámoslle xa naquel momento se fixeran algunha xestión para solventar ese grave situación. A súa resposta foi algo así como: Xa veremos o que pasa. Como sabemos que agora enviaron ao GALP o xustificante de que o ben está incluído no Catálogo Municipal e pedida a súa inclusión no Rexistro da Propiedade, agora o que queremos saber é o que pasou.

As nosas preguntas son:

Teñen algunha resposta do GALP con respecto a validez da entrega de documentación fora do prazo establecido no requirimento? No caso de que sexa así, cal foi dita resposta?

De non ser así, fixeron algunha xestión interesándose polo asunto? E se así foi, cal foi esa xestión e que resultado tivo?

Responde o Sr. González que a adecuación da escola da Moa fíxose gracias a un proxecto que financia o GALP que é interesante e serve para manter o noso patrimonio. Esta todo correcto e estamos agardando a recibir a subvención correspondente para asumir ese gasto. Pregunta a Sra. Molinos se o que teñen é unha resposta verbal cando no requirimento indica 10 días improrrogables o Sr. Alcalde indícalle que eso tería que preguntarlle aos do GALP. A Sra. Molinos espera non ter que preguntarlle se perdeu outra subvención de 40.000 €. o Sr. González responde que non é preciso unha contestación por escrito, deusenos o visto bo e estamos pendentes e é unha subvención que non imos perder.

- **BNG:**

PREGUNTA 1. A feira náutica do Freixo que terá lugar no verán e pola cal nós lle felicitamos que tiveran a ben ter a iniciativa, está organizada pola empresa Corre ve y dile. No 2019 vostedes xustificaran a contratación da mesma posto que o concelleiro responsable e que conta cun salario para facer ese traballo non lle dera tempo a habituarse, cal é a escusa agora? Para que cobra o concelleiro de eventos?

Responde o Sr. González para indicar que despois de 3 anos que levan aquí, con referencia ao BNG, deberían saber que non existe concellería de eventos senón Concellería de Cultura e como existe un concelleiro de deportes. Sobre a cuestión que apunta, nos non temos ningún problema de votar man de experiencia e de xente con experiencia e non temos problemas en contratalos como neste caso e noutros organizámola nos. Indica o Sr. Núñez que non respondeu a segunda pregunta e que o Sr. Alcalde contrata pra suplir as carencias que ten o goberno e discrepo, no seu momento cando lle preguntamos por este tema a dixéronnos que non contrataran a ningunha empresa e que queriamos información que solicitamos



por escrito. Mais alá do nome que lle queiran poñer es que temos dúas concellerías que teñen unha dedicación parcial que non sabemos moi ben a que se dedican, estamos pagando este salario sen saber o traballo que fan e, polo tanto, chámanos a atención que se contraten empresas que poden realizar estes concelleiros. O Sr. González contesta que pediríalle que nas réplicas fosen máis concisos e contesteille que non hai concelleiro de eventos e se vostedes non coñecen o gran traballo do concelleiro de cultura e de deportes é o seu problema. Engadir que esta Feira depende de Alcaldía.

PREGUNTA 2. A celebración do Pampallín foi distinta a anos anteriores. En primeiro lugar esqueceuse por completo da tradición prescindindo por vez primeira dunha lareira e en segundo lugar moveuse de ubicación pasando de ser no Agro das Mozas a celebrarse na Pza. De Galiza. A que se debeu este cambio de ubicación e por que renegaron da tradición? A decisión de ubicar esta festa na praza de Galiza tivo outra consecuencia, pois a instalación da carpa deixou os buracos da ancoraxe nunha obra recén rematada de case douscentos mil euros de investimento. Tivo isto en conta o goberno nalgún momento? Non pensaron en obrigarlle á empresa a empregar outro método de ancoraxe que non fora lesivo cos inmobles públicos?

Responde o Concelleiro de cultura o Sr. Ramos que indica que despois de que lle faltaran ao respecto con moi pouca educación como solen amosar pleno tras pleno e porque eu non organicei nada desta Feira. A decisión de cambio de lugar é porque consideramos que a Praza de Galicia é un lugar perfecto para realizar este tipo de eventos, como quedou demostrado, respecto á carpa si que se falou con anterioridade e solicitouselle que taparan o burato que quedaban. Respecto á lareira prescindíuse porque realizábase ao principio e moita xente nin se percataba da mesma e se xe fixera ou non e non houbo queixas ao respecto.

Intervén o Sr. Núñez que non sabe se dixo algo que se sentise ofendido e que non era en ningún momento a intención faltarlle ao respecto dende o punto de vista do trato persoal e nós cando falamos en cuestión de traballo político e é unha obviedade de que non sabemos a que se dedica. Se vostede organiza un evento e outro non e outro ten que contratar unha empresa privada entenda que preguntamos. Aínda non sabemos a que se debe ese cambio, non me contestou a esa pregunta correctamente, non é normal de un goberno facer un dano a un ben e non saber como se solventara. En vez de apostar por algún tipo de espectáculo dos bens inmateriais do noso Concello e optaron, como estaba perdendo protagonismo, por retiralo.

Contesta o Sr. Ramos que respecto da falta de respecto di vostede que falaba do traballo político e evidentemente fala dese traballo dunha concellería que non existe pero fala do traballo da concellería de cultura e reitérolle que esta concellería



non organiza a Feira Náutica. Respecto a localización consideramos que era unha boa localización e que era oportuno trasladala e vimos que foi un éxito.

PREGUNTA 3. Fomos coñecedores dun proxecto para a creación dunha residencia municipal pública coa dotación de oito prazas. Considérano un proxecto serio? Creen que é viable? Canto foi o custo de redacción do proxecto?

Responde o Sr. González que si que o consideran serio porque é necesario, presentamos un proxecto para isto pero que se integra nun complexo máis amplo e con outra iniciativa con ADISBISMUR no Colexio novo e a futura escola infantil. Parécenos un espazo aproveitable e veremos como se resolve finalmente e o proxecto foron 2.120 €.

Indica a Sra. Suárez que 2.120 € que se gastou vostede nun proxecto que de antemán xa sabe vostede que non vai ser viable, chámelle fogar residencial ou residencia a secas. Todos sabemos que o investimento para a adaptación para unha residencia de maiores é caro ou importante así que creo que nada van a investir para 8 prazas. Está claro que Outes si que precisa unha residencia pero precisa un proxecto serio dunha residencia e non andar xogando a querer facer unha residencia de 8 prazas co fin de saír na prensa dicindo que Outes conseguiu unha residencia pública cando non vai solventar practicamente nada. En canto ao proxecto de ADISBISMUR son dous edificios independentes así que poucas sinerxias vai a aproveitar dese proxecto e ademais o seu proxecto foi presentado con anterioridade ao de ADISBISMUR, polo tanto que cuestionamos este proxecto de 2.120 € que vostede xa gastou.

PREGUNTA 4. Fixo o goberno algún intento de negociación con Green Capital Power polo prezo que supón a afección que supoñen os seus proxectos no concello?

Responde o Sr. González que ata o momento, presentáronse alegacións a estes proxectos e saíu a información pública e fai pouco a declaración de utilidade pública e aínda como tal non houbo negociacións formais coas empresas. Con respecto aos prezos que se lle trasladaban aos propietarios si que trasladamos que nos parecían reducidos. Cando vaíamos coñecendo a situación destes parques, dende o punto de vista de autorización ou non da Xunta de Galicia, veremos de optimizar e reducir os males que implica que exista unha proliferación de parques no noso territorio.

Indica a Sra. Suárez que vostede non tivo, a día de hoxe, unha conversa coa empresa polos viais públicos de competencia municipal que van ser adxudicados. O Sr. González indica que xa lle contestou.



PREGUNTA 5. En Crespos teñen tubaxes de saneamento que verten directamente a unha parcela preto das vivendas. Cónstanos que son coñecedores desta situación de insalubridade. Cando pensan resolver esta problemática?

Responde o Sr. González que son coñecedores que teñen este problema, tamén noutros lugares, e na medida das nosas capacidades estamos vendo a forma de solventalo, pero non se pode chegar a todo de forma inmediata.

Indica a Sra. Suárez que o Sr. Alcalde iso de priorizar e atender as urxencias segue sin velo, como no saneamento. Que se estean vertendo augas fecais a unha parcela directamente ao aire libre e que non se entenda urxente e prioritario non sei que dicirlle ao que o Sr. González responde que prioritario tamén o BNG considera que é comprar certos inmobles e sen embrago agora interésanse por esta cuestión. Sabemos que prioridades hai múltiples.

PREGUNTA 6. Saíu o goberno en prensa anunciando que lle trasladarían á consellería a súa “preocupación” polos recortes nas liñas escolares de transporte público na parroquia de Santo Ourente. Cal foi ou é a razón pola que agora lle dea importancia a esta problemática que xa sucedeu noutras parroquias polas que non fixo nada? De que maneira trasladaron á administración esta problemática?

Responde o Sr. González que os veciños trasladáronnos esta problemática e o que fixemos foi darlle trámite para facer máis forza ás sinaturas e fixémoslle chegar a solicitude e as queixas á consellería tanto de mobilidade como educación que é o que facemos sempre cando hai este tipo de problemática. É a Xunta de Galicia quen ten a competencia nesta materia, se a Xunta non o fai só podemos insistir.

Intervén a Sra. Suárez para preguntar en que momento dixeron que non fose responsabilidade da Xunta, claro que sabemos de quen é a responsabilidade, pero é a súa obriga mediar e defender os intereses dos veciños e veciñas de Outes e non dunha soa parroquia cando vostede sabe que non é verdade. Atrévase a dicir que mediou coas liñas de Monbus cando sabe que é mentira, non fixo nada, fixérono os veciños e foi este grupo quen axudou aos veciños á redacción do escrito, temos moi claro que nós estamos aquí para servir aos veciños e veciñas de Outes. Os recordes non son só nesta parroquia senón en todas e tiña que ter mediado, aínda está a tempo xa que vai persistir estes recortes e virán máis e media coas consellerías.

PREGUNTA 7. Logo de termos posto o foco en repetidas ocasións do mal que se estaban a executar as obras na Ponte Nafonso vostede insistiu en que a obra ía quedar ben e que non consideraba que se fora facer ningún mal á ponte. Este mes vimos como sacaron un comunicado criticándonos a nós, supoñemos que por defender os intereses dos veciños, e admitindo timidamente o desastre que se está



a acometer na Ponte Nafonso. Cal foi o motivo para que mudaran de opinión? Interesáronse nalgún momento polo proxecto antes de que as obras estiveran nun estado de execución avanzado?

Responde o Sr. Gonzalez que non mudaron de opinión, considerábamos que o novo peitoril non era o máis adecuado e que un modificado que substituír a varanda tiña as súas complicacións e que o encaixe non é o máis adecuado e si que nos preocupamos por este proxecto o que non concordamos é coa súa opinión. Indica a Sra. Suárez que preocupar non se preocuparon, xa que, a elaboración do proxecto veu dada polas canalizacións e non por unhas grapas de pedra e esa mesma escusa que pon a Xunta de Galicia para facer esa modificación, tanto vostede como o grupo do PP que foron os invitados á presentación do proxecto eran coñecedores de como ía quedar a varanda. A modificación a posteriori fíxose porque esa varanda non encaixaba na infraestrutura histórica e vostede non se preocupou o máis mínimo sobre este asunto, xa que, está executada máis da metade da obra. Responde o Sr. González que a elevación é por unhas razóns e a substitución é por outra diferente na que a Xunta de Galicia así o entende, pero non ten que ver coa elevación da rasante.

PREGUNTA 8. Informaron aos veciños das parroquias de Valadares e Santo Ourense, máis alá dunha publicación no Facebook, de que está aberto o prazo de alegacións para os proxectos eólicos e a LAT? Vai presentar o concello algunha alegación? Son coñecedores de que o parque do Maragouto pon en perigo dous mananciais? Non van facer nada para evitar un dano sobre os mesmos?

Responde o Sr. González que o que está agora aberto é o prazo de alegacións para utilidade pública destes parques e nós xa presentamos alegacións aos proxectos e non temos intención de presentalas alegacións a estas cuestións porque xa as presentamos aos proxectos.

Pregunta a Sra. Suárez que agora hai un proceso aberto de alegacións para a utilidade pública duns proxectos que en realidade son un negocio privado dunhas empresas privadas, que poñen en risco cuestións patrimoniais e mananciais e vostedes consideran que non teñen que alegar. O Sr. Alcalde indica que xa contestaron a dita cuestión.

- PREGUNTAS PARA O VINDEIRO PLENO:

- **PP:**



PREGUNTA 1. Soubemos despois da instalación das novas lámpadas correspondentes ao proxecto do IDAE na parroquia de Cando que tiveron problemas co alumado público, xa que, estivo un tempo sen funcionar.

Trátase de algo puntual ou se pola contra hai algún tipo de problema coas novas lámpadas? No caso de ser así cal é ese problema?

- **Partido Socialista:**

PREGUNTA 1. tiveron vostedes algún tipo de actuación no PAI para poder paliar o ruído e malestar xerado polas obras da avenida de San Campio, que sen dúbida molestaban aos pequenos e pequenas que alí acoden?

PREGUNTA 2. Van limpar axiña as praias do noso Concello ou esperarán a que se nos vote o verán enriba?

- ROGOS:

- **PP:**

ROGO 1. Veciños de varias parroquias trasladáronnos que na contorna dos contedores que hai en diferentes núcleos en moitos casos é dificultoso chegar ata eles porque están localizados nas veiras das pistas que se atopan sen limpar dende fai tempo e están preocupados por este tema e que o goberno lle dese solución a esta problemática.

ROGO 2. As beirarrúas da rúa Castelao están desfeitas, os veciños achegáronnos as súas protestas non só polo mal estado das baldosas senón tamén polo pouco atendidos que se sentiron cando lle fixeron chegar esas queixas ao goberno municipal. Como todos sabemos esta é unha rúa que ten varios negocios e polo que os estados das beirarrúas constitúe unha grave situación da seguridade dos peóns. Como se esqueceron dos veciños durante tres anos cando instalaron o alumado de Nadal rogámoslle que desta vez lles fagan caso e non se esquezan deles e lle den solución a este asunto.

ROGO 3. Veciños da parroquia de San Cosme indicáronnos o seu descontento polo mal estado no que se atopan as pistas que van ata Bendimón, presentan unha gran cantidade de fochancas e dificultan a circulación polas mesmas. Este é un rogo que fixemos fai tempo e que non foi atendido, polo que pedimos que tomen as medidas oportunas para solucionar esta cuestión.



ROGO 4. É a décimo sétima vez que lle pedimos o mesmo ao goberno, o que pasaron foi 19 meses sen que a estrada de Entíns a Fontenlos fose limpada polas súas beiras e vostedes seguen sen acordarse dela e dos seus usuarios. Esta pasividade e inacción súa ante actuacións urxentes que precisan os urxentes e este incumprimento dos compromisos adquiridos e a incapacidade do seu goberno para identificar e atender necesidades diarias está a converter a que este rogo recorrente sexa un espello do seu goberno. Rogámoslle ao goberno que non sexan os veciños os que teñan que limpar cando iso é competencia do Concello.

- **BNG:**

ROGO 1. No Lugar de Banzas levaron ata alí a fibra óptica, teñen a caixa colocada nos postes, pero a día de hoxe ningún dos veciños é consciente de que se poden conectar. Se ve que non entraron na páxina do Concello, por non ter cobertura, de que a fibra óptica. Rogámoslle que informe aos veciños de Banzas que xa se poden conectar á fibra óptica ou que a empresa o faga.

ROGO 2. Fannos chegar que no pereiro situado en Ponte Nafonso que carece de luminarias son frecuentes os roubos, polo que, os veciños optaron por non deixar alí as súas embarcacións. Somos conscientes de que ao mellor que sexa un espazo iluminado non vai evitar os roubos pero cando menos poríallo un pouco máis complicados, ademais de que é un lugar utilizado polos pescadores. Polo que, rogámoslle que procedan a iluminar esa zona.

ROGO 3. Rogámoslle que dunha vez por todas den conta de onde está a día de hoxe o cruceiro de Cando de Abaixo, o que tirou un temporal fai dous anos e que nos dixó que estaba nun capacho pero non soubo dar conta de onde estaba. Segue sen estar no seu lugar.

ROGO 4. Como xa lle trasladamos noutros plenos con respecto aos lavadoiros, queremoslle trasladar que os veciños de Albeida que o lavadoiro do lugar, o que está abaixo, atópase nunha situación moi lamentable e rogámoslle que actúen ou ben busquen algunha subvención da Xunta para facelo.

ROGO 5. Queremos trasladarlle as peticións dos veciños de Rivasdemar e do Castelo sobre o estado lamentable no que se atopan os viais interiores dos murais que se atopan totalmente abandonados. Rogamos solucionen esta cuestión.

- **Partido Socialista:**



ROGO 1. Algúns rurais do noso Concello seguen a ter problemas coa auga da traída, algunhas casas e lugares que non teñen acceso a ela, e por iso moitos veciños e veciñas seguen a base de pozos como se ven facendo dende fai anos, moitos deles non están nin legalizados. Propoñémoslle e rogámoslle que estude esta problemática e que nos teña tanto ao corrente como en consideración para solventar dito problema.

ROGO 2. Como preguntaba antes e agora rógolles que fagan esta quincena unha limpeza das praias do noso Concello para que queden aptas, non só para os turistas que nos visitan, senón primordialmente para os nosos veciños e veciñas e que poidan desfrutar en calquera momento das mesmas.

ROGO 3. Rógolle que se acerque á praia do Freixo e voten un ollo ás obras que se fixeron, porque o amaño no muro que fixeron fixérono desde abaixo e as pedras que quitaron están ciscadas por alí, sen recoller.

ROGO 4. Hoxe apuntábame vostede varias veces que importante é o mantemento das nosas infraestruturas, eu xa sei que o muro do campo de fútbol non está considerado por vostedes como unha infraestruturas. Eu sígolle pregando que arranxe o mesmo.

ROGO 5. Cando saia vostede en prensa, que sei que lle gusta moito, teña coidado coas súas respostas. Léolle textualmente, pregúntanlle “Que é o mellor de ser Alcalde?” contestación “Ver que grazas ao traballo e a pequenos logros se vai mellorando a situación da xente que me rodea”. Eu rógollo que tamén mire polo resto dos veciños e veciñas e non só dos que lle rodean.

Remata a sesión ás 23:20 horas do que, como Secretaria, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

